

Resolución do 01 de decembro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se convoca á entrevista persoal dentro do proceso de selección segundo a base oitava da convocatoria.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

ACORDOU:

Primeiro: Candidatos/as convocados/as á entrevista persoal

De conformidade co establecido na base oitava, acórdase convocar á realización da entrevista persoal.

A Comisión decide convocar á dita proba a todos/as aspirantes.

Segundo: Convocar á realización da entrevista persoal

De conformidade co establecido na base oitava, acórdase convocar á realización da entrevista profesional ós/ás aspirantes, que se celebrarán os días 12 e 13 de decembro de 2017 nas seguintes instalacións:

Centro empresarial do polígono do Tambre

Polígono Industrial do Tambre

Santiago de Compostela

No Anexo desta Resolución aparecen as datas e horas de convocatoria para dita proba.

Terceiro: Convocatoria proba de galego

De conformidade co establecido na base Terceira, para os/as aspirantes que non teñen acreditado o coñecemento do idioma galego, antes de realizar a entrevista persoal, faráselles unha proba de dominio dese idioma.

No Anexo desta Resolución aparecen as datas e horas de convocatoria para dita proba.

Santiago de Compostela, 01 de decembro de 2017

Martín Martínez Abal



Presidente da Comisión